


## TEMA 7: A PREHISTORIA

### AS IDADES DA HISTORIA

Os historiadores *dividiron a historia en períodos* para **poder estudar mellor a evolución** do ser humano desde a súa aparición ata a actualidade. A estes períodos chamámoslles **idades da historia** e son: **PREHISTORIA, IDADE ANTIGA, IDADE MEDIA, IDADE MODERNA E IDADE CONTEMPORÁNEA.**

Neste curso vas estudar a **Prehistoria e a Idade Antiga.**

- A prehistoria comezou coa aparición do ser humano hai uns 5 millóns de anos e finalizou coa invención da escritura, que se produciu hai uns 5.000 anos.
- A Idade Antiga iniciouse coa invención da escritura e terminou no ano 476 d.C. coa desaparición do Imperio romano.





## 1. A QUE CHAMAMOS PREHISTORIA?

### Que é a prehistoria?

Chamamos prehistoria ao período de tempo transcorrido entre a aparición dos primeiros antepasados do ser humano en África, hai uns cinco millóns de anos, e a invención da escritura, hai uns 5.000 anos. Varía dun lugar a outro porque a escritura non xurdiu ao mesmo tempo en todas as partes.

É difícil estudar a prehistoria, porque **se conservan poucos restos e non hai documentos** escritos. Os **arqueólogos analizan os restos materiais** que deixaron os primeiros seres para descubrir como eran. Estes restos **aparecen nos xacementos**.

### AS ETAPAS DA PREHISTORIA

A prehistoria divídese en tres etapas:

- O Paleolítico esténdese desde hai **uns 5 millóns de anos** ata a **aparición da agricultura e da gandaría**, hai uns **10.000 anos**. Adóitase dividir en **tres subetapas**: Paleolítico Inferior, Medio e Superior.
- O Neolítico transcorre desde o descubrimento da agricultura e da gandaría ata a **fabricación dos primeiros obxectos de metal**, hai uns **7.000 anos**.
- A Idade dos Metais comezou coa elaboración dos primeiros obxectos de metal e rematou coa **invención da escritura**.

### 1. ETAPAS DA PREHISTORIA



### A EVOLUCIÓN DO SER HUMANO

Os seres humanos somos **produto dun longo proceso evolutivo** que se coñece co nome de **hominización**, a través do cal os nosos antepasados foron adquirindo as características que nos diferencian dos primates:


- O **bipedismo**, é dicir, o poder **camiñar sobre os dous pés sen axuda das mans**, liberou estas e **ampliou o campo de visión**.
- O **desenvolvemento do polgar oponible** permitiu utilizar as mans como unha pinza de gran precisión para **manipular obxectos e fabricar ferramentas**.
- O **incremento do tamaño e da complexidade do cerebro** fixo que se desenvolvesen o pensamento e a **linguaxe**.


## O PROCESO DE HOMINIZACIÓN

O proceso de **hominización non foi lineal** e o seu estudo está en constante avance. **Algunhas especies conviviron e outras extinguíronse** e foron substituídas por novos seres.

Os 3 aspectos que máis varían na seguinte liña do tempo son: altura, capacidade craneal e avances biolóxicos, técnicos e sociais (elaborar ferramentas, lume, enterrar os seus mortos, arte e linguaxe).

*(Actualmente tense coñecemento dun Ardipithecus, o kadabba, con máis de 5 millóns de anos).*





Esquema lineal e esquema en forma de arbore.

## 2. A VIDA NÓMADE NO PALEOLÍTICO

O Paleolítico é a primeira etapa da prehistoria e a máis longa. Esténdese desde a aparición dos primeiros seres humanos, hai uns cinco millóns de anos, ata a invención da agricultura e da gandaría, hai uns 10.000 anos.

### Cazadores e recolectores

Os seres humanos do Paleolítico vivían da recolección, da caza e da pesca.

- A maior parte dos alimentos procedían da recolección de froitos e raíces.
- A caza era unha actividade fundamental. Empregaban lanzas de madeira coa punta de pedra para cazar calquera tipo de animal (moi grandes, como osos, ou pequenos como paxaros). Utilizaban a carne como alimento e coas peles fabricaban pezas de roupa de abrigo.
- A pesca empezouse a practicar moito máis tarde, **hai uns 70.000 anos**.

### Unha vida nómada.

Durante o Paleolítico, os grupos humanos desprazábanse dun sitio a outro na procura de alimentos. Eran **nómades**. Polo xeral, establecíanse xunto a un río ou un lago, onde abundaba a auga, e había comida.


Nas zonas cálidas vivían ao **aire libre** e nas zonas frías construían chozas ou refuxiábanse en covas. O



dominio do lume, hai uns 500.000 anos,, supuxo un cambio importante. Permitted iluminar as covas, quentarse, cociñar os alimentos, escorrentar os animais salvaxes e fabricar mellores ferramentas.

### Ferramentas de pedra e óso

Para cazar, para pescar ou confeccionar vestidos, os nosos antepasados utilizaban **distintas ferramentas**. A palabra **Paleolítico** significa "**pedra antiga**" e refírese ás ferramentas de pedra que fabricaron os seres humanos neste período.




- As **primeiras ferramentas de pedra eran moi bastas**. Simples **cantos rodados** que se partían ao golpear uns con outros, e aparecía un **fío cortante**.
- **Máis adiante, utilizáronse pedras como o sílex**. Cando se golpeaban, **rompían en finas láminas, chamadas LASCAS**, que se usaban **para elaborar coitelos e puntas para as frechas e as lanzas**.

Tamén se fabricaban **BIFACES**, que eran **machadas de pedra que cortaban polas dúas caras**. Outros instrumentos elaborábanse **con óso e hasta, como agullas para coser as peles, e arpóns e anzoís** para pescar. Para coser, empregaban como fío os tendóns dos animais que cazaban.

### **A VIDA NA TRIBO**

Os seres humanos do Paleolítico **vivían en TRIBOS duns vinte a corenta individuos**, formadas por unhas poucas familias. **Varias tribos** compostas por persoas dun mesmo grupo **formaban un clan**. As tribos **mantiñan relacións entre elas**. Unhas veces, organizaban **partidas de caza conxuntas** e despois repartían a presa entre eles. Outras, **intercambiaban** ferramentas, cunchas e outros obxectos. En ocasións, as tribos **enfrentábanse violentamente** polo control dun territorio.



### **O PALEOLÍTICO EN ESPAÑA E GALICIA.**

**O ser humano saíu de África hai un millón de anos e chegou a Europa a través do estreito de Xibraltar.**

En España encontráronse numerosos restos da prehistoria. En **Atapuerca (Burgos)** hai un **importante conxunto de xacementos arqueolóxicos** paleolíticos. Hai **800.000 anos**, viviu nesa zona o **HOMO ANTECESSOR**. Tras o Homo antecesor, habitaron a Península o **HOMO DO NEANDERTAL**, hai uns **60.000 anos**, e o **HOMO SAPIENS**, hai uns **40.000 anos**.

En **Galicia apenas se conservan restos orgánicos** debido a **acidez do solo**, que os destrúe. Con todo, nos últimos anos encontráronse restos humanos e de animais xunto a algunhas pinturas rupestres.





### 3. A REVOLUCIÓN DO NEOLÍTICO

#### A APARICIÓN DA AGRICULTURA E DA GANDARÍA

Hai uns **10.000 anos**, en **Oriente Medio**, os seres humanos aprenderon a **cultivar plantas e a domesticar animais** e, como consecuencia diso, a súa forma de vida transformouse.

Posiblemente, a **aparición da agricultura** debeuse á **observación da natureza**, cando algunhas persoas se deron de conta de que, tras caer unha semente ao chan, ao pouco tempo nacía unha planta. As primeiras especies cultivadas foron o **trigo en Oriente Medio e Exipto**, o **arroz en Asia** e o **millo e as patacas en América**.

A **domesticación de animais** debeuse producir cando os seres humanos comprenderon que era **máis práctico manter os animais nun cercado** para obter carne e leite ca cazalos. As **primeiras especies domesticadas** foron o can, a ovella, a cabra, o boi e o cabalo.


A **caza e a recolección continuaron**, pero deixaron de ser as únicas formas de subsistencia e as persoas aprenderon a producir os seus propios alimentos.

#### OS CAMBIOS NA FORMA DE VIDA

Para **poder cultivar** a terra, as persoas tiñan que vivir onde as terras que traballaban. Por iso, **fixéronse sedentarias**, é dicir, establecéronse de forma permanente nun lugar. Así **creáronse as primeiras aldeas ou poboados**, que se situaban **preto dos ríos**, pois necesitaban auga para regar os campos e para abastecer a poboación e o gando.

Nas aldeas **as persoas fóronse especializando en distintos traballos**: uns cultivaban os campos, outros coidaban do gando e o resto eran artesáns.

**Algúns** membros do poboado **acumularon terras e gando**, co que se desenvolveu a **propiedade privada**. Dese xeito apareceron tamén **as desigualdades sociais** entre os membros do grupo.








### OS AVANCES TÉCNICOS

No Neolítico producíronse **importantes avances técnicos**:


- Comezou a utilizarse a **PEDRA PULIDA** para fabricar ferramentas, como as **aixadas** para arar, as **fouces** para segar ou os **muíños** para moer o gran.
- Empezáronse a **FABRICAR TECIDOS** en rudimentaios **TEARES**.
- Inventouse a **CERÁMICA**, que se modelaba a man. Isto permitiu fabricar vasillas para gardar o gran e cuncas para comer e cociñar.

### O NEOLÍTICO EN ESPAÑA E GALICIA.

Hai **uns 7000 anos**, comezou o Neolítico na **Península ibérica**, e en **concreto en Galicia**. Formáronse os **primeiros poboados estables**. Os obxectos de cerámica son moi numerosos nos xacementos desa época.



#### 4. A IDADE DOS METAIS.



##### Os primeiros utensilios de metal.

Hai uns 7.000 anos, os seres humanos comezaron a fabricar obxectos de metal. Primeiro utilizouse o **COBRE**; despois, o **BRONCE**, unha aliaxe de estaño e cobre máis resistente; máis tarde, empregouse o **FERRO**, un metal aínda máis duro. O uso dos metais permitiu elaborar todo tipo de utensilios: armas, ferramentas, adornos. ...

##### OS METAIS MODIFICARON A FORMA DE VIDA:

- Os metais **non abundan en todas as partes** por igual, polo que se **desenvolveu o comercio** entre as zonas ricas en metal e as demais.
- As aldeas situadas nas rutas comerciais enriquecéronse**, aumentaron a súa poboación e convertéronse en **pequenas cidades**. Creceron as **loitas para controlar as zonas máis ricas** e uns pobos dominaron a outros.
- Xurdiron **novas ocupacións**: os **guerreiros** defendían a poboación, os **sacerdotes** ocupábanse dos ritos relixiosos e os **comerciantes** dedicábanse a comprar e vender.
- Incrementáronse as **divisións sociais**: os sacerdotes, os guerreiros e as persoas ricas adquiriron unha **situación privilexiada**.



### UN TEMPO DE INVENTOS

Hai uns **5.000 anos** producíronse **tres importantes inventos**:

- A **RODA** mellorou os transportes, porque permitiu trasladar grandes cantidades demercadorías en carros.
- A **VELA** fixo posible utilizar a forza do vento, o que á súa vez permitiu que os barcos fosen maiores e transportasen máis persoas e mercadorías.
- O **ARADO** permitiu arar máis extensión de terreo e a maior velocidade que coa aixada, poisusaba a forza tiro dos animais.

Outros avances foron a **INVENCIÓN DO REGADÍO** e a **CONSTRUCCIÓN DE CANLES** para levar auga ás cidades e aos campos.

❖ **La rueda:** Permitted transportar mercancías pesadas.

❖ **La vela:** Los barcos pudieron ser más rápidos y hicieron viajes más largos.

❖ **El arado:** Lo arrastraban los animales y podía arar grandes extensiones a más velocidad.



rueda



barco de vela



arado

### A IDADE DOS METAIS EN ESPAÑA E GALICIA.

Hai uns 4000 anos introducíronse as ferramentas de metal en Galicia e no resto da península. En Galicia a metalurxia tivo gran desenvolvemento debido á riqueza mineral, sobre todo de **estaño**, e deu paso a **relacións comerciais** co resto da Península e coas rexións atlánticas. Destacan os achados de machadas de Samieira (Poio) e o tesouro de Caldas de Reis (na imaxe)







Tesouro de Caldas



Casco de Leiro



Armas de El Argar



## A IDADE DOS METAIS

viaxeaitaca.com

### 5. AS CRENZAS E A ARTE NA PREHISTORIA.

As primeiras crenzas dos nosos antepasados estiveron relacionadas co culto ás forzas da natureza e aos astros. Crían na existencia de espíritos que interviñan nas súas vidas, xa fose para axudalos na caza e protexelos das enfermidades, xa para provocar doenzas ou causar a morte. Por esta razón, as persoas do Paleolítico realizaban ritos máxicos para gañar o favor dos espíritos.

#### O home de Neandertal foi o primeiro en enterrar os mortos.



Non sabemos se o facían en sinal de respecto polos seus seres queridos ou porque crían na existencia doutra vida tras a morte. Rodeaban os defuntos dun enxoval formado por obxectos de valor, como armas, amuletos, colares, brazaletes,... O conxunto de enterramentos, polo xeral situado fóra das aldeas, denomínase NECRÓPOLE.


## A ARTE NO PALEOLÍTICO

### a) As primeiras pinturas

Os seres humanos realizaron as **primeiras obras de arte hai uns 35.000 anos**, cando decoraron con **pinturas as paredes e os teitos das covas**. Por esta razón, este tipo de arte coñécese como **arte rupestre**, que significa «**arte nas rochas**». Ao Homo sapiens atribúense as pinturas rupestres da **zona cantábrica**, entre as que destacan as da **cova de Altamira (Cantabria)** e **Tito Bustillo** (Asturias). Fora da península ibérica destaca a **cova de Lascaux** (sur de Francia).

As pinturas rupestres presentan as seguintes **características**:

- Polo xeral **representan figuras de animais** (cervos, bisontes...), **illados, sen formar escenas**.
- **Son moi realistas**. Incluso aproveitan as rugosidades da rocha para **dar sensación de volume**.
- Son **polícromas**, é dicir, de varias cores.




**Descoñecemos os motivos** polos que pintaban as covas.

Posto que representaban animais realistas, moitos historiadores pensan que as pinturas formaban parte dunha **cerimonia relixiosa para favorecer a caza**.



11. Venus de Willendorf. Labrada en pedra calcaria, mide só 11 cm de altura.



### b) As primeiras esculturas e gravados

Os nosos antepasados **realizaron gravados sobre rochas e ósos de animais**, que facíancoa punta dunha pedra moi afiada. Tamén elaboraron **pequenas esculturas en pedra, marfil ou óso**. As máis abundantes son **as chamadas VENUS**, que representan mulleres cos órganos sexuais moi desenvolvidos. Probablemente, esculpíanas para que os espíritos **propiciasen a fertilidade** das mulleres da tribo.



## **A ARTE NO NEOLÍTICO**

**A arte cambiou no Neolítico. A figura humana, representada de forma moi esquemática, cobrou protagonismo e empezaron a representarse escenas.** Polo xeral, pintábase **cunha soa cor**.

Alguns dos mellores exemplos encóntranse **na península**, en concreto **en Levante**. Por iso, coñecémolas como **pinturas levantinas**. Entre outras, destacan as pinturas do **Cogul (Lleida)**, **A Valltorta (Castellón)**.

A **finais do Neolítico**, comezaron a construíronse os **primeiros monumentos megalíticos da península ibérica e Baleares**, pero soe considerarse que **son da Idade dos Metais**, xa que nesa etapa foron moito máis numerosos.

Tamén tivo importancia o **culto á fertilidade**, representado en **pequenas figuras de arxila** coñecidas como **deusas da fertilidade ou deusas nai**, que se enterraban para propiciar as boas colleitas.



15. Ídolo neolítico feminino da fecundidade.

## **A ARTE NA IDADE DOS METAIS: O MEGALITISMO E OS PETRÓGLIFOS.**

No período final do Neolítico e durante a **Idade dos Metais** construíronse **monumentos con grandes pedras ou megálitos** Foron a **primeira manifestación arquitectónica da historia**. Os monumentos megalíticos tiñan formas variadas:

- Os **MENHIRES** eran **grandes pedras alongadas, espetadas verticalmente** no chan. Posiblemente sinalaban lugares onde se rendía **culto ao Sol**.
- Os **DOLMENS** estaban formados por **grandes pedras verticais** fincadas chan e **cobertas por lousas horizontais**. Eran sepulturas colectivas.
- Os **CRÓMLECH** eran **ampos recintos circulares** formados pola **agrupación de moitos menhires**. Posiblemente, eran **santuarios**.

Lapa de Gargantáns (menhir galego)



En **Galicia** os monumentos megalíticos construíronse **desde o IV milenio ata comezos do II** e se atopan por todo o territorio. **No megalitismo galego sobresaen as mámoas, monumentos funerarios formados por un dolmen cuberto por un montículo de terra.** Destacan os dolmens de **Dombate e Axeitos**. Desta época son tamén os **petróglifos**, debuxos gravados sobre rochas ao **aire libre**, que se concentran nas rías e vales fluviais de Pontevedra. Destacan os **conxuntos de Campo Lameiro, Mogor e Outeiro de Cogoludo**.




*Petróglifo de Mogor*



*Dolmen de Dombate*



*Cromlech de Stonehenge*



Como se construía un crómlech

1



1. As enormes pedras transportábanse sobre **rolos de madeira** con axuda de cordas.

2



2. Mediante **pancas**, cordas e a forza humana e animal, levantábanse as pedras e espetábanse no chan.

3



3. Construíase unha **rampla de terra** e sobre ela elevábanse as pedras da cuberta.



LA PREHISTORIA				
ETAPA	INICIO	FORMA DE VIDA	OBJETOS	ARTE
<b>PALEOLÍTICO</b>	Hace aproximadamente <b>1.000.000 de años</b> (aparición del ser humano)	Eran <b>nómadas, cazadores y recolectores</b> . Vivían en tribus.	Herramientas de piedra hueso y <b>piedra tallada (Bifaz)</b>	Pinturas rupestres representando escenas de caza. Esculturas de <b>Venus</b> .
<b>NEOLÍTICO</b>	Hace aproximadamente <b>7.000 años</b> (descubrimiento de la agricultura y la ganadería)	Se vuelven <b>sedentarios</b> . Aparecen los primeros poblados. Eran <b>ganaderos, agricultores y artesanos</b> .	Herramientas de <b>piedra pulida y cerámica</b> .	Pinturas rupestres representando escenas de recolección, caza y bailes.
<b>EDAD DE LOS METALES</b>	Hace aproximadamente <b>6.000 años</b> (descubrimiento del uso del metal)	Aparecen las primeras <b>ciudades y el comercio</b> .	Herramientas, armas y otros objetos de <b>metal</b> . La rueda, la vela y el arado.	Monumentos <b>megalíticos</b> (menhir, dolmen y crómlech)